

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

RESOLUCIÓN do 11 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, pola que se modifica a Resolución do 25 de xuño de 2025 pola que se outorga a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Monte Redondo Repotenciación, sito no concello de Vimianzo e promovido por Naturgy Renovables, S.L. (expediente IN408A/2020/029), para rectificar os erros materiais existentes.

Antecedentes:

1. O 25.6.2025 emitíuse a Resolución da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático pola que se outorga a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Monte Redondo Repotenciación, sito no concello de Vimianzo (A Coruña) e promovido por Naturgy Renovables, S.L. (expediente IN408A/2020/029).

2. Con posterioridade á publicación da dita resolución no DOG núm. 128, do 7 de xullo de 2025, detectouse un erro material na táboa adxunta no anexo 1, consistente nun desprazamento das columnas que afecta datos publicados nelas.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. De acordo co artigo 109, número 2, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, permite «rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia das persoas interesadas, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos».

De acordo con todo o que antecede,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar a Resolución do 25 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, pola que se outorga a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Monte Redondo

CVE-DOG: ox2bfwo9-w3a5-cgw5-lxq3-hrzzmipxbyg9



Repotenciación, sito no concello de Vimianzo (A Coruña) e promovido por Naturgy Renovables, S.L. (expediente IN408A/2020/029), para rectificar os erros materiais existentes.

Incorpórase como anexo a versión correcta e corrixida da Resolución do 25 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, pola que se outorga a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Monte Redondo Repotenciación, sito no concello de Vimianzo (A Coruña) e promovido por Naturgy Renovables, S.L. (expediente IN408A/2020/029).

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2025

Paula Uría Traba
Directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

ANEXO

Resolución do 25 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, pola que se outorga a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Monte Redondo Repotenciación, sito no concello de Vimianzo (A Coruña) e promovido por Naturgy Renovables, S.L. (expediente IN408A/2020/029).

Unha vez examinado o expediente iniciado por solicitude de Naturgy Renovables, S.L. en relación coa declaración de utilidade pública do parque eólico Monte Redondo Repotenciación, constan os seguintes

Antecedentes de feito:

Primeiro. O 14.2.2020 a promotora, Naturgy Wind, S.L.U., presentou unha solicitude de autorización administrativa para a modificación das instalacións de produción de enerxía eléctrica e as súas infraestruturas de evacuación do proxecto denominado parque eólico Monte Redondo, ao abeiro da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, consistente, en forma xeral, na retirada das actuais infraestruturas (cunha potencia total de 49,50 MW repartida en 66 aeroxeradores de 750 kW de potencia unitaria) e na instalación de novas máquinas e infraestruturas de conexión entre elas, con redución do número de aeroxeradores a 12 unidades, aumento da dimensión e da potencia unitaria de cada un e modificación da actual subestación transformadora, mantendo a mesma

CVE-DOG: ox2bfwo9-w3a5-cgw5-lxq3-hrzzmipxbyg9



potencia total instalada. O 11.12.2020 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais notificoulle á promotora o cumprimento de requisitos da súa solicitude de modificación substancial.

Segundo. O 17.6.2021 o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar iniciativa empresarial prioritaria o parque eólico Monte Redondo (expediente IN408A/2020/029), promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. e mediante a Resolución do 27 de xullo de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, declarouse a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes ao parque eólico Monte Redondo (expediente IN408A/2020/029, promovido por Naturgy Renovables, S.L.U., o que supón a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Terceiro. Mediante o Acordo do 16 de agosto de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, sométense a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Monte Redondo, no concello de Vimianzo (A Coruña) (expediente IN408A 2020/29).

O dito acordo publicouse no *Diario Oficial de Galicia* e no xornal *La Voz de Galicia* do 26 de agosto de 2021. Así mesmo, permaneceu exposto ao público no taboleiro de anuncios do concello afectado (Vimianzo) e nas dependencias da Xefatura Territorial da Coruña, que emitiron o correspondente certificado de exposición pública. Así mesmo, a dita resolución estivo exposta no portal web da Consellería de Economía, Empresa e Innovación (actualmente Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático).

Cuarto. Vista a sentenza número 18/2022, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e aínda que esta non adquiriu firmeza e está sendo obxecto de impugnación e discusión na vía de casación pola Xunta de Galicia, con base ao principio de seguridade xurídica e por un criterio de precaución, someteuse de novo a información pública, durante o prazo de trinta (30) días, a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Monte Redondo, no concello de Vimianzo (A Coruña) (expediente IN408A 2020/29), da Xefatura Territorial da Coruña.

CVE-DOG: ox2bfwo9-w3a5-cgw5-lxq3-hrzzmipxbyg9



A dita resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* e no xornal *La Voz de Galicia* do 28 de marzo de 2022. Así mesmo, permaneceu exposta ao público no taboleiro de anuncios do concello afectado (Vimianzo) e nas dependencias da Xefatura Territorial da Coruña, que emitiron os correspondentes certificados de exposición pública. Así mesmo, a dita resolución estivo exposta no portal web da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Durante o trámite de información pública, así como durante a tramitación do expediente, presentáronse alegacións, as cales foron remitidas e contestadas pola promotora.

Quinto. Mediante a Resolución do 22 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, outorgáronse a autorización de desmantelamento das instalacións actuais do parque eólico Monte Redondo, a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Monte Redondo, sito no concello de Vimianzo (A Coruña) e promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (IN408A/2020/029).

Sexto. O 2.9.2024 a Xefatura Territorial da Coruña emitiu informe en que indicaba que o parque eólico Monte Redondo Repotenciación non afecta ningún dereito mineiro vixente na provincia da Coruña e que non procede, polo tanto, en termos da vixente normativa en materia de minas, trámite de compatibilidade ningún.

Sétimo. O 4.9.2024 a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remitiu o certificado de aproveitamentos de masas forestais emitido polo Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural da Coruña o 30.8.2024.

Neste certificado indícase: «segundo os datos que constan nas bases de datos da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a devandita infraestrutura eléctrica pode afectar os montes veciñais en man común seguintes: (1) Carantoña e Tras do Ceán (CMVMC de Carantoña), (2) Montecelos, (3) Coto da Gándara, (4) Brives, (5) As Curutas, Corneda, As Lavarqueiras, Fiais, O Peón da Roca (CMVMC de Valiña), (6) As Fontes Doces, Relleiras de Lavarqueiras, Fiais e Devesa de Corneda (CMVMC da Toxa), (7) Relleira de Sobreiros e Costa das Pasantes, Prado das Porfías, Costa de Cova Ladróns, Relleira de Corneda e Campo de Monteira de Riba (CMVMC das Pasantes), (8) Ogas e (9) Cures e Mouzo, así como o monte Carantoña, pertencente ao Catálogo de montes de utilidade pública (número 384)».

Oitavo. O 28.10.2024 a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático efectuou o trámite de audiencia previsto no artigo 45.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro,

CVE-DOG: ox2bfwo9-w3a5-cgw5-lxq3-hrzzmipxbyg9



cos titulares dos montes veciñais en man común afectados (A Gándara, Brives, Valiña, Cures-Mouzo, Montecelo, Ogas, Pasantes, A Toxa e Carantoña), e concedeulles un prazo de quince días para presentar as alegacións que considerasen oportunas. Durante o trámite de audiencia presentáronse alegacións, que foron remitidas e contestadas pola promotora.

Noveno. O 20.12.2024 a promotora solicitou o recoñecemento como non substancial dunha modificación do proxecto do parque eólico.

Décimo. O 16.1.2025 a promotora achegou unha relación de bens e dereitos afectados (RBDA) actualizada, para os efectos de continuar coa tramitación da declaración de utilidade pública, en concreto, do parque eólico Monte Redondo. Nesta documentación introducíronse cambios na relación de bens e dereitos afectados sometida inicialmente a información pública (DOG núm. 60, do 28 de marzo de 2022), relativos á titularidade e/ou ás afeccións sobre algunhas das parcelas.

En consecuencia, o 7.2.2025 a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático notifica os titulares das novas parcelas afectadas a que fai referencia o antecedente de feito anterior. Unha vez rematado o prazo do trámite de audiencia, non se presentaron alegacións por parte das persoas interesadas.

Mediante o Anuncio do 15 de abril de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, notifícanse a unha persoa interesada as modificacións na relación de bens e dereitos afectados da declaración de utilidade pública do parque eólico Monte Redondo Repotenciación (expediente IN408A 2020/029), de conformidade co disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por non ser posible efectuar a notificación prevista na citada norma. Esta notificación publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 83, do 2 de maio de 2005, e no taboleiro de edictos único (TEU) núm. 112, do 9 de maio, sen que se presentase ningunha alegación.

Décimo primeiro. Mediante a Resolución do 18 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, recoñécese como non substancial unha modificación do parque eólico Monte Redondo Repotenciación, situado no concello de Vimianzo (A Coruña) e promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (IN408A/2020/029).

Décimo segundo. O 3.3.2025 a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remitiu o certificado actualizado sobre a existencia de autorizacións ou título habilitante de



aproveitamentos, concorrentes no espazo territorial proxectado na modificación non substancial do parque eólico Monte Redondo, no concello de Vimianzo (A Coruña), emitido polo Servizo de Montes da Coruña o 28.2.2025.

Décimo terceiro. O 12.3.2025 a promotora, en resposta ao certificado de aproveitamentos forestais indicado no antecedente de feito anterior, presenta os contratos ratificados e asinados polos representantes habilitados de cada unha das nove comunidades veciñais de Montes de Man Común (A Gándara, Brives, Valiña, Cures-Mouzo, Montecelo, Ogas, Pasantes, A Toxa e Carantoña).

Décimo cuarto. O 12.3.2025 a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático solicitoulle á Dirección Xeral de Ordenación Forestal un informe en relación coa compatibilidade ou incompatibilidade dos aproveitamentos forestais afectados polo parque eólico Monte Redondo Repotenciación, na provincia da Coruña, e remitiu para os efectos do informe os contratos da promotora coas comunidades veciñais de montes de man común.

Décimo quinto. O 28.3.2025 a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático recibiu do Servizo de Propiedade Forestal un informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Coruña do 27.3.2025 en relación co artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, en que se informaba favorablemente sobre a compatibilidade dos aproveitamentos forestais do proxecto do parque eólico Monte Redondo Repotenciación, condicionada a que previamente ao inicio das actuacións sobre o terreo se cumpra o establecido no artigo 43 do Regulamento de montes veciñais, con respecto aos acordos referidos a actos de disposición, e no artigo 55 do devandito regulamento sobre o rexistro dos actos de disposición, así como o disposto na Orde do 8 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, que se convocan para o ano 2017.

Décimo sexto. O 11.4.2025 a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático recibiu do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña un informe do 10.4.2025 en relación co artigo 161.1 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, no que conclúe indicando: «non se atoparon limitacións á constitución de servidumes a que se fai referencia no artigo 161 do Real decreto 1955/2000».

CVE-DOG: ox2bfwo9-w3a5-cgw5-lxq3-hrzzmipxbyg9



Décimo sétimo. O 22.4.2025 Naturgy Renovables, S.L. comunica que non desexan continuar co trámite de utilidade pública sobre a superficie afectada nas parcelas pertencentes ás comunidades de montes afectadas ao existir os correspondentes acordos amigables con cada unha delas. Xunto con este escrito presentan os correspondentes acordos asinados con cada unha das anteditas comunidades de montes. Esta resposta remíttilla, así mesmo, a promotora á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal o 11.4.2025.

Décimo oitavo. O 5.6.2025 a promotora achegou unha relación de bens e dereitos afectados (RBDA) actualizada para os efectos de continuar coa tramitación da declaración de utilidade pública, en concreto, do parque eólico Monte Redondo. Nesta documentación presentan unha actualización sobre as parcelas coas cales acadou acordo, as parcelas desafectadas e as parcelas que finalmente son obxecto de continuar co trámite de declaración de utilidade pública.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

Fundamentos de dereito:

Primeiro. A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático é competente para resolver este procedemento con fundamento no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, e na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Segundo. No expediente instruído para o efecto cúmplense os trámites de procedemento establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental; no que proceda, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nas demais normas vixentes de aplicación.

Terceiro. De acordo co artigo 55.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a solicitude da declaración de utilidade pública, en concreto, deberá incluír unha

CVE-DOG: ox2bfwo9-w3a5-cgw5-lxq3-hrzzmipxbyg9



relación concreta e individualizada dos bens e dereitos que o solicitante considere de necesaria expropiación. No mesmo sentido, o artigo 44.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, exige que a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, inclúa unha relación concreta e individualizada dos bens e dereitos «sobre os cales non se obtivo un acordo cos seus titulares e sobre os que se considera necesaria a expropiación».

Cuarto. De acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e o artigo 44 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, a declaración de utilidade pública leva implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados, e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Quinto. En relación coas alegacións presentadas durante a tramitación do expediente de declaración de utilidade pública, visto o seu contido e as respostas efectuadas pola promotora, cómpre manifestar o seguinte:

1. No caso de alegacións relativas á titularidade e características dos bens e dereitos afectados, tomouse razón de todas as manifestacións e documentos presentados polas persoas interesadas, para os efectos previstos no artigo 52, número 3, da Lei de expropiación forzosa.

Sexto. No que respecta á compatibilidade do parque eólico cos montes afectados, e de acordo co establecido no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, coas CMVMC da Gándara, Brives, Valiña, Cures-Mouzo, Montecelo, Ogas, Pasantes, A Toxa e Carantoña, o 28.3.2025 a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remítelle á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais o informe do Servizo de Montes do Departamento Territorial da Coruña do 27.3.2025, que se transcribe a continuación.

No informe do Departamento Territorial da Coruña indican:

«Deberanse tramitar os correspondentes actos de disposición conforme o previsto na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e máis concretamente no título II do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. En particular:

– O artigo 43 do Regulamento de montes veciñais, número 1 «A aprobación, reforma ou revogación dos estatutos, así como os acordos referidos a actos de disposición, correspón-

CVE-DOG: ox2bfwo9-w3a5-cgw5-lxq3-hrzzmipxbyg9



denlle á asemblea xeral, e requírese a convocatoria expresa e o voto favorable da maioría dos presentes que represente polo menos o 50 % do censo de comuneiros en primeira convocatoria e o 30 % na segunda».

Así, atendendo a todo o anteriormente exposto e en cumprimento do artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, emítase informe favorable sobre a compatibilidade do proxecto co aproveitamento forestal condicionada a que previamente ao inicio das actuacións sobre o terreo se cumpra o establecido no artigo 43 do Regulamento de montes veciñais, respecto aos acordos referidos a actos de disposición, e no artigo 55 do devandito regulamento sobre o rexistro dos actos de disposición, así como o disposto na Orde do 8 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, que se convocan para o ano 2017».

Sétimo. O artigo 151 do Real decreto 1555/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica indica: «En calquera momento, o solicitante da declaración de utilidade pública poderá convir libremente cos titulares dos bens e dereitos necesarios a adquisición por mutuo acordo destes. Este acordo, no momento de declararse a utilidade pública da instalación, adquirirá a natureza e efectos previstos no artigo 24 da Lei de expropiación forzosa e causará, polo tanto, a correspondente conclusión do expediente expropiatorio. Nestes supostos, o beneficiario da declaración de utilidade pública poderá, de ser o caso, solicitar da autoridade competente a aplicación do mecanismo establecido no artigo 59 do Regulamento de expropiación forzosa».

O 22.4.2025 Naturgy Renovables, S.L. comunica que non desexa continuar co trámite de utilidade pública sobre a superficie afectada nas parcelas pertencentes ás comunidades de montes afectadas ao ter acordos con todas elas, segundo o indicado no antecedente de feito décimo sétimo.

Tendo en conta o previsto no artigo 44.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e especificamente no artigo 151 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, xa citados, e constatada a existencia dos acordos con todas comunidades de montes afectadas, procede aceptar a renuncia presentada voluntariamente por Naturgy Renovables, S.L. e, en consecuencia, non declarar a compatibilidade do parque eólico cos montes veciñais en

CVE-DOG: ox2bfwo9-w3a5-cgw5-lxq3-hrzzmipxbyg9



man común afectados. A aceptación desta renuncia voluntaria da promotora non implica en ningún caso unha comprobación da legalidade dos acordos ao ser responsabilidade exclusiva da promotora o cumprimento dos requisitos legais aplicables a eles e, en particular, os requisitos exixibles aos actos de disposición que afecten os montes veciñais indicados no informe do Servizo de Montes do Departamento Territorial da Coruña do 27.3.2025 remitido o 28.3.2025 pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, que consta no fundamento quinto e que foi remitido a Naturgy Renovables, S.L. o 2.4.2025.

De acordo con todo o que antecede,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, das instalacións do proxecto do parque eólico Monte Redondo Repotenciación, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (BOE núm. 351, do 17 de decembro) en relación coas parcelas recollidas no anexo I desta resolución.

Segundo. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela 11, de xullo de 2025. Paula Uría Traba, directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.

CVE-DOG: ox2bfwo9-w3a5-cgw5-lxq3-hrzzmipxbyg9





ANEXO 1

Relación de bens e dereitos afectados polo parque eólico Monte Redondo Repotenciación

Parcela						Afeccións (m²)						
Nº	Datos catastrais			Lugar	Cultivo	Apelidos e nome	Pleno domino			Serv. de paso		Ocupac temp.
	Concello	Pol.	Parcela				Cim.	Plat.	Vía	Gabia	Serv. de voo	
22	Vimianzo	32	1	Monte Santa	Matogueira	De la Fuente Rodríguez, Juan Manuel			1.271			403
27	Vimianzo	30	750	Prado Carrofeito	Piñeiro	Pérez Lemus, Margarita			1.096	36		576
28	Vimianzo	30	749	Prado Carrofeito	Matogueira	Pérez Lemus, José			271	21		225
29	Vimianzo	30	748	Prado Carrofeito	Matogueira	Mouzo Albores, José Manuel e outros			887	54	1.578	243
30	Vimianzo	30	747	Prado Carrofeito	Matogueira	Mouzo Albores, José Manuel e outros			380	23	3.185	
31	Vimianzo	30	746	Prado Carrofeito	Matogueira	Mouzo Albores, José Manuel e outros	240	741	78	5	1.738	
34	Vimianzo	30	730	Carro Feito de Arriba	Matogueira	Descoñecido (Fiscalía Provincial da Coruña)					11	
35	Vimianzo	30	745	Estivada Pereira de	Matogueira	Alvite Mouzo, Manuel Rpte.: Irmina Alvite Pérez		398			110	
36	Vimianzo	30	744	Estivada Pereira de	Matogueira	Muebles González Cundíns, S.L.		2.343				
37	Vimianzo	30	743	Estivada Pereira de	Matogueira	Gómez Oliveira, Dolores		21				
48	Vimianzo	15	258	Gándaras de Calo	Piñeiro	Martínez Mouzo, Ricardo			168			48
58	Vimianzo	15	256	Cotillón	Eucaliptal	Blanco López, Delfina			95	42		186
61	Vimianzo	15	253	Cotillón	Eucaliptal	Ageitos Mouzo, José, hds. de			15			35
66	Vimianzo	15	4	Cova dos Ladróns	Piñeiro	Descoñecido (Fiscalía Provincial da Coruña) Martínez Santos, Manuel Amador			102	13		390
67	Vimianzo	15	270	Cova dos Ladróns	Piñeiro	Santos Alves, Carlinda			3			33



Parcela						Afeccións (m²)						
Nº	Datos catastrais			Lugar	Cultivo	Apelidos e nome	Pleno dominio			Serv. de paso		Ocupac temp.
	Concello	Pol.	Parcela				Cim.	Plat.	Vía	Gabia	Serv. de voo	
68	Vimianzo	15	269	Cova dos Ladróns	Piñeiro	Gándara Santos, Marcos			11			31
69	Vimianzo	15	268	Cova dos Ladróns	Piñeiro	Miñones Antelo, Manuel			26			35
70	Vimianzo	15	267	Cova dos Ladróns	Piñeiro	Santos Alves, Carlinda			41			32
71	Vimianzo	15	266	Cova dos Ladróns	Piñeiro	Miñones Antelo, Manuel			50			34
72	Vimianzo	15	265	Cova dos Ladróns	Piñeiro	Gándara Santos, Marcos			49			36
73	Vimianzo	15	264	Cova dos Ladróns	Piñeiro	Santos Alves, Generosa			42			39
74	Vimianzo	15	263	Cova dos Ladróns	Piñeiro	Santos Alves, Julio			41			42
75	Vimianzo	15	262	Cova dos Ladróns	Piñeiro	Santos Alves, Carlinda			104			92
80	Vimianzo	16	208	Cova dos Ladróns	Eucaliptal	Vázquez Mouzo, José			48			
81	Vimianzo	16	237	Cova dos Ladróns	Eucaliptal	Vázquez Mouzo, Cándido			65			
82	Vimianzo	16	207	Cova dos Ladróns	Eucaliptal	Pérez Trillo, Esperanza			90			
83	Vimianzo	16	181	Corneda	Matogueira	Lavandeira Gándara, Filomena			638			691
84	Vimianzo	16	182	Corneda	Matogueira	Lavandeira Anido, Dosinda			524			238
86	Vimianzo	16	180	Corneda	Matogueira	Toja Lavandeira, Amparo			87	16		64
88	Vimianzo	16	184	Corneda	Matogueira	García González, Carmen			195	48		144



Parcela						Afeccións (m²)						
Nº	Datos catastrais			Lugar	Cultivo	Apelidos e nome	Pleno dominio			Serv. de paso		Ocupac temp.
	Concello	Pol.	Parcela				Cim.	Plat.	Vía	Gabia	Serv. de voo	
94	Vimianzo	16	177	Corneda	Matogueira	Pérez García, María			532	88		114
103	Vimianzo	16	144	Penedos	Piñeiro	Lema Oreiro, Manuel						88
108	Vimianzo	16	203	Cruz de San Vello	Piñeiro	Insua Lema, Vicente			3			
113	Vimianzo	16	213	O Peón da Roca	Matogueira	Carril Pedreira, Delfín Rpte.: Mª Flora Carril Valiña				71		524
114	Vimianzo	16	210	O Peón da Roca	Matogueira	Olveira Pedreira, Elena				3		43
115	Vimianzo	16	214	O Peón da Roca	Matogueira	Díaz Castiñeira, José				14		107
118	Vimianzo	15	67	As Lavarqueiras	Eucaliptal	Castiñeira Oreiro, Francisco					714	
125	Vimianzo	16	197	Cruz de San Vello	Matogueira	Lema Oreiro, Consuelo			34			
126	Vimianzo	16	188	Cruz de San Vello	Matogueira	Rodríguez Lema, Manuel			161			
129	Vimianzo	16	164	Fiais	Matogueira	Valiña Lavandeira, Filomena			109			60
130	Vimianzo	16	163	Fiais	Matogueira	Valiña Lavandeira, Consuelo			108			54
131	Vimianzo	16	162	Fiais	Matogueira	Valiña Lavandeira, Antonio			83			66
132	Vimianzo	16	161	Fiais	Matogueira	Valiña Santos, Antonio			19			70
134	Vimianzo	16	159	Fiais	Matogueira	Insua Lema, Vicente			25			28
146	Vimianzo	16	127	Borrallas	Piñeiro	Suárez González, Manuel						9
155	Vimianzo	17	342	Monte Maior	Matogueira	Mourelle Ordóñez, Juan					1	
156	Vimianzo	17	341	Monte Maior	Matogueira	Posé Bermúdez, Manuel					16	
157	Vimianzo	17	340	Monte Maior	Matogueira	Pose Bermúdez, José					4	
159	Vimianzo	17	338	Monte Maior	Matogueira	Vecino Valiña, Manuel				7		62





Parcela						Afeccións (m²)						
Nº	Datos catastrais			Lugar	Cultivo	Apelidos e nome	Pleno dominio			Serv. de paso		Ocupac temp.
	Concello	Pol.	Parcela				Cim.	Plat.	Vía	Gabia	Serv. de voo	
160	Vimianzo	17	337	Monte Maior	Matogueira	Cundíns Vilar, Vicente				15		110
161	Vimianzo	17	336	Monte Maior	Matogueira	Miñones Lema, Aurea				11		83
162	Vimianzo	17	335	Monte Maior	Matogueira	Bermúdez Torrado Ovidio, hros. Rpte.: Marta Bermúdez Ferreiro				9		72
163	Vimianzo	17	334	Monte Maior	Matogueira	Vilar Lema, Carmen Dolores				10		76
164	Vimianzo	17	333	Monte Maior	Matogueira	Grillo Andújar, José				9		71
165	Vimianzo	17	332	Monte Maior	Matogueira	Tirilo Ogando, M. Consuelo				8		59
166	Vimianzo	17	331	Monte Maior	Matogueira	Soto Fernández, José				5		41
167	Vimianzo	17	330	Monte Maior	Matogueira	Rodríguez Lema, Manuel				5		38
168	Vimianzo	17	329	Monte Maior	Matogueira	Lavandeira Pérez, José				5		38
169	Vimianzo	17	328	Monte Maior	Matogueira	Monterroso Pereiro, Irene Carmen				5		34
170	Vimianzo	17	327	Monte Maior	Matogueira	Pose Vázquez, Purificación				5		35
171	Vimianzo	17	326	Monte Maior	Matogueira	Soto Fernández, José				5		39
172	Vimianzo	17	325	Monte Maior	Matogueira	Costa Rey, María				4		29
173	Vimianzo	17	324	Monte Maior	Matogueira	Ferreiro Ramos, Consuelo Rpte.: Ovidio Amado Ferreiro				5		39
174	Vimianzo	17	323	Monte Maior	Matogueira	Mouzo Torrado, Dolores				5		34
175	Vimianzo	17	322	Monte Maior	Matogueira	Miñones Lema, Aurea				6		43
176	Vimianzo	17	321	Monte Maior	Matogueira	Pose Feal, Juan				6		48
177	Vimianzo	17	320	Monte Maior	Matogueira	Soto Fernández, José				6		42
178	Vimianzo	17	319	Monte Maior	Matogueira	Costa Castiñeira, Juan José				5		38



Parcela						Afeccións (m²)						
Nº	Datos catastrais			Lugar	Cultivo	Apelidos e nome	Pleno dominio			Serv. de paso		Ocupac temp.
	Concello	Pol.	Parcela				Cim.	Plat.	Vía	Gabia	Serv. de voo	
179	Vimianzo	17	318	Monte Maior	Matogueira	Vecino Valiña, Manuel				6		42
180	Vimianzo	17	317	Monte Maior	Matogueira	Soto Fernández, José				10		75
181	Vimianzo	17	316	Monte Maior	Matogueira	Cundíns Bello, José				9		65
182	Vimianzo	17	315	Monte Maior	Matogueira	Ferreiro Ramos, Consuelo Rpte.: Ovidio Amado Ferreiro				97		726
183	Vimianzo	17	292	Portela Borrallas	Matogueira	Miñones Lema, Francisco e outros				171		1.281
184	Vimianzo	16	14	Borrallas	Piñeiro	Vázquez Santos, Carmen Esperanza						288
191	Vimianzo	16	1	Fieiteira	Matogueira	Carril Pedreira, Delfín Rpte.: Mª Flora Carril Valiña		2.237	374	350	939	872
195	Vimianzo	17	236	O Peón	Matogueira	Mouzo Vaiña, M. Gloria					5	
196	Vimianzo	17	237	O Peón	Matogueira	Villar Bermúdez, Cándido e outros					898	
197	Vimianzo	17	238	O Peón	Matogueira	Rial Andrade, M. Rosalía					1.022	

- Afeccións do parque eólico en metros cadrados (m²):
- Superficie de pleno dominio:
 - Cimentación (cim.): cimentación do aeroxerador.
 - Plataforma (plat.): plataforma de montaxe do aeroxerador.
 - Torre (torre.): torre meteorolóxica.
 - Servidume de paso:
 - Vieiro: dereito de paso polas vías en que circularán os transportes para a construción, vixilancia, conservación e reparación das instalacións do parque eólico.
 - Gabia: servidume de paso da liña eléctrica soterrada.
 - Servidume de voo das pas dos aeroxeradores (voo aéreo).
 - Outras afeccións:
 - Ocupación temporal (ocup. temp.): ocupación de terreos durante o período de duración das obras. Serve temporalmente como provisión de materiais, montaxe de guindastres, provisión de pas e outros compoñentes dos aeroxeradores, etc.

